


Galicia é cine

Venezuela

Caracas 21/10 – 10/12



Galicia é cine

Venezuela - Caracas 21/10 – 10/12

Teatro Rosalía de Castro (dentro da Hermandad Gallega de Venezuela).

Av. Principal de Maripérez, Caracas 1050, Distrito Capital, Venezuela.

Reservas en:

asavioteatrohg@gmail.com

Entrada libre ate completar aforo.

Descargar programa:



Ciclo Galicia é Cine

Galicia é cine é un proxecto audiovisual da Fundación Araganey-Puente de Culturas que conta co apoio da Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia e que ten como obxectivo difundir o audiovisual galego entre as colectividades galegas no exterior e nos países onde se ubican, amosando a tradición e a vangarda do noso cine.

Trátase dun ciclo de cinema con longametraxes (películas e documentais) producidos e realizados en Galicia que se exhibirán en diferentes países de Latinoamérica e Europa, unha actividade dirixida ás colectividades galegas e tamén ao público en xeral, para promocionar internacionalmente as producións audiovisuais da nosa terra.

Fernando Méndez,

Director da Fundación Araganey - Puente de Culturas

Galicia é cine es un proyecto audiovisual de la Fundación Araganey-Puente de Culturas que cuenta con el apoyo de la Secretaría General de Emigración de la Xunta de Galicia y que tiene como objetivo difundir el audiovisual gallego entre las colectividades gallegas en el exterior y en los países donde se ubican, mostrando la tradición y la vanguardia de nuestro cine.

Se trata de un ciclo de cine con largometrajes (películas y documentales) producidos y realizados en Galicia que se exhibirán en diferentes países de Latinoamérica y Europa, una actividad dirigida a las colectividades gallegas y también al público en general, para promocionar internacionalmente las producciones audiovisuales de nuestra tierra.

Fernando Méndez,

Director de la Fundación Araganey - Puente de Culturas

Galicia é cine

Venezuela
Caracas 21/10 – 10/12

21 – outubro – 17:00h

MATRIA

Álvaro Gago Díaz | 2023 | Galicia | 99'

22 – outubro – 17:00h

A ESMORGA

Ignacio Vilar | 2014 | Galicia | 107'

29 – outubro – 17:00h

ONS

Alfonso Zarauza | 2020 | Galicia | 87'

05 – novembro – 17:00h

CUÑADOS

Toño López | 2021 | Galicia | 92'

10 – decembro – 17:00h

O QUE ARDE

Oliver Laxe | 2019 | Galicia | 89'





21 – outubro – 17:00h

MATRIA

Álvaro Gago Díaz | 2023 | Galicia | 99'

Ramona vive nun pobo de Galicia sumida nun contexto laboral e persoal tenso e impredecible. sempre sacrificándoo todo polo futuro da súa filla Estrella, verase empuxada a mirar cara a dentro e a pensar que, tal vez, haxa algo novo polo que vivir.

Ramona vive en un pueblo de Galicia sumida en un contexto laboral y personal tenso e impredecible. Siempre sacrificándolo todo por el futuro de su hija Estrella, se verá empujada a mirar hacia dentro y a pensar que, tal vez, haya algo nuevo por lo que vivir.

Álvaro Gago:

Álvaro Gago, director galego nado en Vigo, estudou comunicación e música en Pontevedra, teatro en Chicago e cine na London Film School. En Londres establécese como montador e compaxina o seu traballo coa impartición de clases na Young Film School e a organización do Galician Film Forum. É recoñecido polas curtametraxes "Curricán" ou "Matria" nomeadas e galardoadas en festivais de prestixio como Cannes ou os Premios Goya.

Álvaro Gago, director gallego nacido en Vigo, estudió comunicación y música en Pontevedra, teatro en Chicago y cine en la London Film School. En Londres se establece como montador y compagina su trabajo con la impartición de clases en la Young Film School y la organización del Galician Film Forum. Es reconocido por los cortometrajes "Curricán" o "Matria" nominadas y galardonadas en festivales de prestigio como Cannes o los Premios Goya.



Premios:

2023 – **Festival Internacional de Cine de Berlín** – Sección Panorama
2023 – **Festival de Málaga** – Premio Mellor Actriz, Premio ASECAN
Mellor Ópera Prima
2023 – **Festival Internacional de Cine de Seattle** – Premio Especial
do Xurado



22 – outubro – 17:00h
A ESMORGA

Ignacio Vilar | 2014 | Galicia | 107'

Crónica tensa e intensa de vinte e catro horas na vida de tres homes, compañeiros de esmorga que, deixando un regueiro de destrución, de sexo equívoco e reprimido, van pechando portas tras deles e tirando as chaves coma se non quixesen volver e camiñasen adrede cara á súa perdición.

Filme baseado na novela de Eduardo Blanco Amor "A Esmorga".

Crónica tensa e intensa de veinticuatro horas en la vida de tres hombres, compañeros de juerga que, dejando un reguero de destrucción, de sexo equívoco y reprimido, van cerrando puertas tras de sí y tirando las llaves, como para no querer volver, tal como si a propósito caminaran a su perdición.

Película basada en la novela de Eduardo Blanco Amor "A Esmorga"

Ignacio Vilar:

Orixinario de Castrofolla (Petín de Valdeorras, Ourense). Tras recibir o Premio Carlos Velo polo guión de "Ollo Birollo", volve a Galicia e funda a súa propia produtora (Vía Láctea Filmes). En 2014 grava "A Esmorga", coa colaboración de Televisión de Galicia, o primeiro filme rodado en galego candidato a un Goya.

Originario de Castrofolla (Petín de Valdeorras, Ourense). Tras recibir el Premio Carlos Velo por el guión de "Ollo birollo", vuelve a Galicia y funda su propia productora (Vía Láctea Filmes). En 2014 filma "A Esmorga", con la colaboración de Televisión de Galicia, primera cinta rodada en gallego nominada a un Goya.



Premios:

2015 – **Premios Goya** – Candidata Mellor Guión Adaptado.

2015 – **Premios Mestre Mateo** – Mellor Actor, Mellor Dirección Artística, Mellor Música Orixinal, Mellor Fotografía, Mellor Maquillaxe e Mellor Deseño de Vestiario



29 – outubro – 17:00h

ONS

Alfonso Zarauza | 2020 | Galicia | 87'

Tras sufrir unha profunda depresión pola morte da súa amante nun accidente de coche, o doutor Vicente chega, xunto coa súa muller Mariña, a unha remota illa atlántica coa intención de pasar o verán, curar a súa enfermidade e recuperar o seu matrimonio. A vida na solitaria illa séntalle ben a Vicente e pídelle á súa muller prolongar a estancia e pasar o outono alí. Cada día vaise sentindo mellor ata que, tras un naufraxio no medio dun temporal, unha misteriosa e amnésica muller estranxeira aparece na illa e irrompe nas súas vidas. A partir dese momento, xa nada volverá ser o que era.

Tras una profunda depresión por la muerte de su amante en un accidente de coche, el doctor Vicente llega junto a su esposa Mariña a una remota isla atlántica con la intención de pasar el verano, curar su enfermedad y recuperar su matrimonio. La vida en la solitaria isla le sienta bien y le pide a su mujer prolongar su estancia y pasar el otoño. Cada día se va sintiendo mejor hasta que tras un naufragio en medio de un temporal, una misteriosa y amnésica mujer extranjera aparece en la isla e irrumpe en sus vidas. A partir de ese momento ya nada volverá a ser lo que era.

Alfonso Zarauza:

Nado en Compostela, Alfonso Zarauza é director e guionista. Posúe unha longa carreira cinematográfica na que se mesturan curtas, longametraxes e outros traballos audiovisuais, como videoclips e anuncios. Foi galardoado en numerosas ocasións nos Premios Mestre Mateo da Academia Galega do Audiovisual.

Nacido en Compostela, Alfonso Zarauza es director y guionista. Posee una larga carrera cinematográfica en la que se mezclan cortos, largometrajes y otros trabajos audiovisuales como videoclips y anuncios. Fue galardonado en numerosas ocasiones en los premios Mestre Mateo de la Academia Gallega de Audiovisual.



Premios:

2021 – **Premios Mestre Mateo** – 9 premios, entre eles, Mellor Longametraxe, Mellor Fotografía, Mellor Guión, Mellor Interpretación
2020 – **Festival Cineuropa 34** – Premio Cineuropa



05 – novembro – 17:00h

CUÑADOS

Toño López | 2021 | Galicia | 92'

Eduardo e o seu cuñado Sabonis acaban de meter a zoca nun dos seus negocios e precisan cartos. Moitos cartos. Será Sabonis quen lle atope a solución ao problema secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, a empresaria que os enganou e os deixou na estacada. Só hai un pequeno problema: Alicia non pensa pagar un peso polo seu cuñado. Pero é o propio Modesto quen maquina un novo plan co que Eduardo e Sabonis poderán salvar a adega familiar. Eduardo, Sabonis e Modesto téñeno todo para fracasar pero, como diría Sabonis, "malo será".

Eduardo y su cuñado Sabonis acaban de meter la pata en uno de sus negocios y necesitan dinero. Mucho dinero. Será Sabonis quien encuentre la solución al problema secuestrando a Modesto, cuñado de Alicia Zamora, la empresaria que los engañó y dejó tirados. Solo hay un pequeño problema: Alicia no piensa pagar ni un euro por su cuñado. Sin embargo, es el propio Modesto quien urde un nuevo plan con el que Eduardo y Sabonis podrán salvar la bodega familiar. Eduardo, Sabonis y Modesto lo tienen todo para fracasar pero, como diría Sabonis, malo será.

Toño López:

Galego. Nado en Ourense, estudou imaxe e son na cidade das Burgas e na Coruña. Ten unha dilatada carreira cinematográfica que, ademais de longametraxes, series de televisión para Antena 3 e TVG, inclúe curtametraxes, documentais e publicidade.

Gallego. Nacido en Ourense, estudió imagen y sonido en la ciudad de las Burgas y en A Coruña. Tiene una dilatada carrera cinematográfica que incluye, además de largometrajes, series de televisión para Antena 3 y TVG, cortometrajes, documentales y publicidad.



Premios:

2021– **Premios Mestre Mateo** – 16 Candidaturas



10 – decembro – 17:00h
O QUE ARDE

Oliver Laxe | 2019 | Galicia | 89'

Ninguén espera a Amador cando sae do cárcere tras cumprir a súa pena por provocar un incendio. Regresa á súa casa, nunha aldea perdida nas montañas lucenses, onde volverá convivir coa súa nai, Benedicta, a súa cadela, Lúa, e as súas tres vacas. As súas vidas transcorren seguindo o ritmo sosegado da natureza, ata que todo cambia cando un incendio violento arrasa a zona.

Nadie espera a Amador cuando sale de la cárcel tras cumplir condena por haber provocado un incendio. Regresa a su casa, una aldea perdida de las montañas lucenses, donde volverá a convivir con su madre Benedicta, su perra Luna y sus tres vacas. Sus vidas transcurren al ritmo sosegado de la naturaleza, hasta que todo cambia cuando un fuego violento arrasa la zona.

Oliver Laxe:

Director, guionista e actor. Nado en París, de pais galegos, volvería a Galicia con seis anos e posteriormente estudaría cinema na Universidade Pompeu Fabra de Barcelona. Foi galardoado en varias ocasións no Festival de Cannes, logrando, no 2019, o Premio do Xurado pola película "O que arde".

Director, guionista y actor. Nacido en París, de padres gallegos, volvería a Galicia con seis años y posteriormente estudiaría cine en la Universidad Pompeu Fabra de Barcelona. Fue galardonado diversas veces en el Festival de Cannes y lograría, en 2019, el premio del Jurado por la película "O que arde".



Premios:

2020 – **Premios Goya** – Mellor Actriz Revelación e Mellor Dirección de Fotografía

2020 – **Premios Forqué** – Candidata Mellor Película

2020 – **Premios Gaudí** – Mellor Fotografía, Mellor Película Europea

2020 – **Premios Feroz** – Candidata Mellor Película, Mellor Guión, Mellor Director

2019 – **Festival de Cannes** – Premio do Xurado "Un Certain Regard"

2019 – **Festival Mar de Plata** – Mellor Película e Guión

2019 – **Festival de Cine de Ourense** – Premio Especial do Xurado

2019 – **Chicago International Film Festival** – Mellor Son

2019 – **Premios Mestre Mateo** – Candidata Mellor Película, Mellor Director, Mellor Fotografía, Mellor Montaxe, Mellor Son

Galicia
e cine